

# DON GOLFIÑO

300 pts / 1,8 euros

Agosto 1999

CADERNOS DE DIVULGACIÓN DA NATUREZA  
DO COLECTIVO ECOLOXISTA DO SALNÉS

## Herbívoros mariños



Neste novo número, Don Golfiño vainos describindo os costumes e os hábitat das diferentes especies de animais mariños que teñen as algas como alimento. Seguindo as explicacións de Don Golfiño poderemos ir coñecendo moitas das especies de moluscos, de crustáceos, de equinodermos ou de algas más características do noso litoral.

**Autor: Víctor Caamaño Rivas**

**Ilustraciones:**

**Pedro Paquay Rovira**

**A Enseada do Umia-O Grove, 1991.**

**Fauna y flora del Mar Mediterráneo.**

**Ed. Omega, 1986.**

**Flora y fauna de las costas de España y Europa.** Ed.Omega, 1998.

**Guía de Campo de la flora y fauna de las costas de España y Europa.** Campbell. Omega, 1983.

**Biología marina básica.**

**Ed. Omega, 1987.**

**Zoología de los invertebrados.** Barnes.

**Ed. Interamericana S.A. 1985.**

**Diseño e maquetación:**

**Joaquín Rodríguez Pomares**


**Víctor Caamaño Rivas**

**Edita: COLECTIVO ECOLOXISTA DO SALNÉS**

**Aptdo. 100 O Grove**

**E-mail:oscartel@teleline.es**

**Depósito legal: PO-36-99**



¡Ola de novo amigos! Xa pasou tanto tempo desde a miña última entrega que estaba desexando pasar outro anaco convosco. Neste número descubrireiros un mundo desconecido que ós humanos adoita pasarlle desapercibido. Falareiros das algas e dos animais que delas se alimentan. As algas son as plantas do mar. Aquí no mar temos verdes pradeiras moi semellantes ás vosas; ámida así, nin vacas, nin ovellas atoparás pastando nelas, pois o mar ten os seus propios herbívoros. Poida que estes animais carezan do tamaño e espectaculari-

dade dun cabalo ou mesmo dunha lebre, pero cando comeces a coñecelos decataraste de que a súa beleza e elegancia está fóra de toda dúbida. ¡E por certol!, tamén hai lebres de mar e algunas case tan grandes coma as vosas. Supoño que xa te estarás a preguntar quen son esos seres dos que che fala Don Golfiño.

No mar existen moitos animais de alimentación basicamente vexetariana: algúns moluscos, certos crustáceos e uns poucos equinodermos presentan unha dieta na que

## DON GOLFIÑO


domina a inxestión de algas e plantas mariñas. Noutros grupos a alimentación herbívora pódese considerar excepcional pero está presente, como no caso dalgúns anélidos poliquetos ou mesmo peixes.

E preguntarase..., ¿tais son eses herbívoros? Pois xa que o preguntas, responderei. Comezarei o meu relato polos que penso son os máis importantes.

Nos moluscos están os mellores exemplos de animais que se alimantan das algas. De entre eles destacan os poliplacóforos, tamén chamados quitóns, e os gasterópodos ou caracois mariños.

¿Sabes cómo fan os moluscos para arrincar as algas das rochas?

Os moluscos posúen no interior da boca un aparato especializado chamado rádula. É unha especie de cinta formada por moitos e pequenísimos dentes coa que raspan as algas. Poden proxectala cara




**Posición da rádula na cabeza dun molusco. Os dentíños están formados por unha substancia, a quitina, a mesma que recobre o corpo dos insectos.**

ó exterior da cavidade bucal para raspar as rochas, arrincando pequenos anacos de algas que lle servirán de alimento.


Pero a mi non tódolos peixes me saben igual, ¡ocorriría lle o mesmo ós moluscos cando comen algas!

Non tódalas algas teñen o mesmo sabor e valor alimenticio polo que os quitóns poden distinguir entre os distintos tipos; dise deles que son herbívoros selectivos. Van percorrendo os rochedos e coa axuda dun órgano sensitivo moi especia-

*Lepidochitona cinerea*



*Acanthochitona crinita*




lizado, cando atopan a alga desexada dan boa conta dela.

Agora dareiche un bo consello por se queres observar estes animais no seu medio: aproveita unha boa baixamar e pescuda nas charcas ou baixo as pedras, pois ós quitóns, ó ter un caparazón de placas artelladas, non lles é doado reter a auga, por iso andan na procura de lugares protexidos do sol. Se segues o meu consello poderás atopar sen dificultade dousas especies.

No noso litoral rochoso, tanto en mar aberto coma nas rías, é moi común unha especie que a penas acada o centímetro de lonxitude; os científicos coñécena como Lepidochitona cinerea. Aínda que é abundante, o pequeno tamaño, o aspecto e a cor fana pasar desapercibida. A outra especie, a Acanthochitona crinita, é máis grande, podendo chegar ós tres centímetros e resulta doadamente distinguible por posuir dezaoito penachos de serdas adornando o seu cinto.

Pero, ¿sabedes?, sen dúbida os herbívoros más numerosos do mar son os caracois ou gasterópodos. Eles controlan as poboacións de algas costeiras impedindo que proliferen en exceso. ¡E

por certo, teñen trompa, aínda que non son elefantes.




A maior parte destes moluscos posúen unha trompa ou probóscide aloxada no interior da súa cabeza que porta a rádula. Poden proxectala cara ás algas, manexándoas e dirixíndoas ó lugar elixido coa precisión dun brazo.

E agora vouvos describir sinxelamente os caracois mariños ramoneadores más abundantes no noso litoral. Por certo, ramonear consiste en alimentarse raspando as algas. Principiarei logo polos máis primitivos, pois a maioría deles son vexetarianos.

Non é estralo atopar nas costas rochosas expostas exemplares de "orella de mar" ou "peneira" (Haliotis tuberculata) alimentándose de pequenas algas vermellas.

## DON GOLFIÑO

A súa cuncha aplanada, cunha serie de perforacións aliñadas e co interior nacarado, resulta inconfundible. A carne da peneira é bastante dura pero adoita ter un bo sabor, o que pode resultar perigoso de cara á súa futura supervivencia.




*Haliotis tuberculata*

Pero hai outras especies nas rochas e nos crebaondas dos portos moito más abondosas cás peneiras. Refírome ás tan coñecidas lapas que, por certo, seguro que coméchedes máis dunha vez.

Coas súas características cunchas cónicas, semellantes a un sombreiro chinés, as "lapas" ou "patalas" difiren bastante na forma dos seus parentes os caracois. Catro son as especies máis habituais áinda que resulta moi difícil distinguilas. A forma externa da cunha é moi variable e en ocasións coincidente nas diferentes especies. Algo semellante ocorre coas cores interiores e podes tamén fixarvos nas características externas do animal ou mesmo no hábitat, polo que diferencialas resulta unha laboura de verdadeiro experto. A función ecolóxica das lapas é determinante, pois a Patella vulgaris, P. intermedia, P. ulyssiponensis e a P. rustica, que así se chaman, contribúen a controlar a proliferación excesiva dos "bochos" (algas do xénero Fucus) e da "leituga de mar" (Ulva rigida). Ademais ramonean outras algas verdes (Enteromorpha sp.), pardas (Asco-phyllum nodosum) e vermellas.

*Patella vulgaris*



(interior da cuncha)

pé gris verdoso

radios acastañados e  
cor alaranxada ou  
amarela

interior da cuncha  
amarelo verdoso

cuncha baixa e con  
costelas marcadas

radios negros ou  
alaranjados




*Patella intermedia*



As lapas aseméllanse un chisco ás vosas vacas, pois saen a pastar todos os días; je non se perden!

Elixen as preamarés para facer percorridos de ata 75 cm que aproveitan para se alimentar. Voltan logo ó seu desexado e permanente fogar sobre o que se encaixan, pois ó longo do tempo a rádula foi desgastando a rocha ata formar unha cavidade onde se acopla a cuncha perfectamente. O acoplamento co sustrato rochoso illa a lapa do exterior impedindo as perdas de auga. Deste xeito soporta moito mellor os periodos de exposición ó sol que se repiten cada baixamar.

Pero hai outros lugares nos que tamén podes atopar lapas. Se un fermoso serán decídes dar unha volta pola praia, poderás atopar sen dificultade cunchas de dousas especies de lapas




As algas verdes más frecuentes no noso litoral son:  
a.- *Enteromorpha intestinalis*; b.- *Ulva rigida*; c.- *Enteromorpha ramosa*  
(d- detalle).

pequenñas que, posiblemente, chegaron arrastradas polas ondas.

Existen pequenas lapas de cores vistosas e coa superficie exterior lisa. Identificalas resulta máis doado cás anteriores. Unha delas, de fermosas liñas de puntos azuis sobre un ton xeral marrón, chámase *Helcion pellucidum*.

*Patella ulyssiponensis*





(interior da cuncha)

pé alaranxado  
cor exterior gris verdosa con puntiños negros

interior da cuncha  
cunha mancha central amarela ou alaranxada

cor interior branca e  
marxe acastañada



(interior da cuncha)

*Patella rustica*

## DON GOLFIÑO

*Helcion pellucidum*


A *Helcion pellucidum* vive fixada sobre os pés dos "golfo", grandes algas dos xéneros *Laminaria* e *Saccorhiza*. Presenta unhas brillantes liñas radiais azuis e discontinuas.

Esta pequena lapa vai comendo coa súa rádula o pé do "golfo". Perfórao e forma buratos que debilitan a alga. O golfo acabará sendo arrincado polos temporais, atopando o seu destino á beira da praia xunto co causante da súa destrucción. A outra lapa, coñecida como *Tectura virginica*, a penas acada 1 cm de lonxitude e resulta un pouco máis estranxa ou atopala. A súa cor externa branca adoita presentar uns tenues radios rosados que se van ensanchando desde o ápice ó borde da cuncha.

*Tectura virginica*

A *Tectura virginica* prefire a franxa infralitoral; a coto vivo sobre as pedras e cunchas mentres que se alimenta de algas vermelhas incrustantes de natureza non calcárea.


Pero ainda hai moitos máis caracois mariños que non poden pasar sen a súa ración diaria de algas. Se te achegas a calquera rochedo do litoral galego vaiche resultar moi difícil non tropezar con algún membro da familia dos "trompos" ou "tróquidos".



a - Distintas especies de *Laminaria*  
b - *Saccorhiza*


O nome da familia (F. Trochidae) fai referencia a súa forma globosa ou ás veces piramidal que nos recorda a esos xoguetes chamados trompos. As cunchas baixas son ideais no medio no que desenvolven a actividade diaria, pois permiten gardar doadamente o equilibrio nos

desprazamentos polas superficies verticais das rochas ou algas. A maioría deles viven na zona mesolitoral (nos límites entre a marea alta e baixa) alimentándose das algas microscópicas ou dos brotes de algas que van raspando das rochas coa rágula. O exemplar máis representativo de toda a familia, o saboroso "caramuxo", Monodonta lineata, ten preferencia polas



A Monodonta lineata debe o seu nome xeérico á presencia dun saínte ou dente na abertura da cuncha. Outras das características que a identifican é a ausencia de embigo e o debuxo en zigzag.


*Gibbula magus*




costas protexidas debido a súa escasa adherencia. A cuncha, de ata 3 cm, presenta unha cor gris-verdosa, e o ápice nos vellos exemplares amosa o nácre interior. Un parente deste caramuxo que acada dimensións semellantes é a Gibbula

magus, pero prefire vivir nos niveis infralitorais (por debaixo do límite da baixamar), polo que resulta menos coñecida. A cuncha, más aplanada, presenta as voltas claramente escalonadas e un embigo moi evidente.

E como hoxe me sinto xeneroso vouche aprender a diferenciar as tres especies desta familia máis comúns nas charcas de marea, pois non é doado distinguilas.





Os exemplares de Gibbula cineraria, G. obliquata e G. pennanti, teñen pouca resistencia á sequidade, por iso cando baixa o mar tenden a situarse nas pozas que se forman entre as rochas. Para diferenciar estes tres pequenos caramuxos que a penas acadan o centímetro e medio, debemos fixarnos ben na cuncha. A G. cineraria ten unha coloración grisácea e finas liñas verticais sínusas, presentando ademais un embigo ben desenvolvido. A cuncha globosa pode ser máis ou menos alongada segundo os exemplares. As outras dúas especies resultan case idénticas nunha primeira ollada. Teñen cunchas cónicas, baixas e con bandas vermellas ou púrpuras. O detalle máis importante para diferencialas é a presencia dun gran embigo na G. obliquata (tamén chamada G. umbilicalis), mentres que na G. pennanti este é pouco patente ou carece del.

¡E a familia suegue crecendo! ¿Sabiades que coa importación de moluscos para as vosas bateas, espe-

cialmente ostras, sempre vai chegando algún inmigrante? Pois ben, xa hai nas nosas augas un novo parente da familia dos trompos.


Hai uns anos apareceu nas augas da enseada do Grove unha especie tipicamente mediterránea chamada Gibbula albida. Acada un tamaño considerable (2,5 cm) e parece que pudo ter chegado ata a nosa costa cunha remesa de importación de ostras igual que o fixeron outras especies anos atrás.

*Gibbula albida*



Como vedes amigos, esta familia é moi numerosa. Poderíamos estar falando dela días, meses, anos...; Ise cádra non tanto, pero casel! Así que para ir rematando a faena vouvos presentar ó derradeiro exemplar.

Calliostoma zizyphinum



Nas costas rochosas, sobre todo das rías, por debaixo do límite das mareas acostuma vivir un caracol de cuncha case perfectamente cónica. A altura (2,5 cm) coincide aproximadamente co ancho; trátase do Calliostoma zizyphinum. Poderemos atopar outras cunchas semellantes a esta á beira do mar, pois este non é o único representante do xénero pero si o máis característico polo tamaño. Se algúna cuncha che recorda á anterior, pola dimensión e forma, resultarache doida a súa identificación.



Lomentaria articulata



Laurencia pinnatifida





A maioría dos opérculos que pechan as cunchas dos gasterópodos son de natureza córnea, agás unhas poucas excepcións, entre elas a Tricolia pullus, que ten opérculo calcario.

Pero non tódolos caracois mariños pertencen á familia dos tróquidos, nin moiísimo menos. Algunxs non vos chaman a atención polo pequenos que son, pero cando lles botas unha ollada descobres que a beleza non está rifada co tamaño. Para que vexades que non vos minto, mostrareivos un par deles.

Non é raro atopar, alimentándose sobre pequenas algas vermelhas (Lomentaria articulata, Laurencia pinnatifida), un pequeno gasterópodo chamado Tricolia pullus. Non chega ó centímetro de lonxitude, pero a súa cuncha ovalada de catro ou cinco voltas, cunha gran gama de debuxos e cores, fai deste gasterópodo un dos más fermosos do noso litoral.

Xa na franxa mesolitoral, entre algas do xénero Fucus, principalmente no Fucus serratus, habita outro pequeño caracol chamado Lacuna pallidula. De dimensión semellante ó anterior, difire del na cuncha globular, cunha gran deradeira volta, e na cor rosada ou




*Lacuna pallidula*

violeta. Ademais é moito menos abundante. Parece que o tamaño deste gasterópodo vai parelllo coa lonxevidade pois a súa media de vida é un ano; pouco tempo se o comparamos cos 5 a 16 que poden sobrevivir algunas patelas.

¿Apetécevos agora unha tapiña de caramuxos?

de vós, pois coloniza a parte superior do litoral, pero a súa pequena talla (inferior ós 7 mm), xunto coas cores escuras da cuncha e o costume de situarse nos recunchos das rochas, fan que pase desapercibida. Este pequeno caramuxo denominado *Littorina neritoides*, soporta longas tempadas fóra da auga e habitualmente só recibe as salpicaduras das ondas, coas que chegan pequenas algas, entre elas as diatomeas, que constitúen o seu alimento. Por suposto que nas costas tranquilas onde as ondas a penas salpican o nivel supralitoral, resulta estranxo atopar este caramuxo; sen embargo, nas costas expostas, onde o mar bate con forza e as

*L. neritoides**L. saxatilis**L. littorea**L. obtusata*

Os caramuxos, xunto cos quitóns e as lapas, son os más voraces consumidores de algas do litoral. Pertencen a unha familia habitual nas costas rochosas e nos pastizais das marismas. Nestes paraxes atopamos facilmente catro especies de caramuxos, cada unha das cales elixe unha situación característica entre os límites da baixa-mar e a preamar. Non deixa de sorprender que a máis descoñecida das catro, sexa a que vive máis preto

salpicaduras acadan as partes máis altas dos cantís, elixe lugares moi elevados sobre o límite da marea. Un pouco por debaixo deste caramuxo, entre algas pardas dos xéneros Fucus e Pelvetia, atópase a *Littorina saxatilis*. Esta especie ten hábitos alimenticios semellantes á anterior pero resulta doidamente recoñecible pola dimensión da cuncha (1,5 cm) e polas estrías espirais que lle sobresaen. Soporta ben as baixas salinidades e


dependendo do tipo de litoral, pode cambiar a forma e coloración da cuncha orixinando poboacións diversas que na actualidade comezan a se considerar especies diferentes.

Mais a estrela da familia é o caramuxo común ou mincha. Ben, estrela para vós que sempre pensades que todo o que se pode comer é o mellor.

O caramuxo común ou Littorina littorea, é o gasterópodo más apreciado desde o punto de vista culinario. E semella que esta cualidade está a ser a causa da diminución das súas poboacións. A cuncha escura e o seu hábitat entre algas coma Ascophyllum e Fucus que lle serven de alimento e refuxio, fan

que pase inadvertido nalgunhas ocasións, a pesar dos 3 cm que poden acadar os adultos. Prefire niveis mareais máis baixos que as anteriores especies, pois non soporta tan ben as exposicións ó sol. Tampouco lle agradan os litorais expostos polo que elixe as costas rochosas das rías que son máis protexidas e tranquilas. Na baixamar adhírense ás rochas mediante unha secreción mucosa que os illa do exterior e lle permite soportar ben as elevadas temperaturas e a falta de humidade.

Para rematar coa familia, débese mencionar a mincha chata ou Littorina obtusata que ten unha cuncha pequena (pouco máis de 1 cm), de cor moi vistosa e variada segundo as características do hábitat; hainas amarelas, alaranxadas e en



As algas pardas más abundantes do litoral galego son:

a.- Ascophyllum nodosum más común nas zonas tranquilas dos esteiros. Ocupa os niveis máis baixos do destes intermareais.

b.- Fucus serzatus, especie escasa nas Rías Baixas pero de fácil identificación.

c.- Fucus ceramoides, moi resistente á auga doce e por iso moi frecuente nas desembocaduras dos ríos.

d.- Pelvetia canaliculata, alga presente na parte máis alta do mesolitoral rochoso de costas protexidas.


e./f.- Fucus vesiculosus/Fucus spiralis, son as algas más abundantes e en xeral difíceis de distinguir sen a utilización dun microscopio. O F. vesiculosus presenta a cutio vedgas de aire.

xeral de tonos castaños. Nas rías atópase baixo os brotes húmidos de Fucus e Ascophyllum, sobre os cales se ven flotar cando comeza a preamar.

¡Xa me olvidaba do máis pequeníño!

Nas enseadas e esteiros de augas moi tranquilas, onde a continua sedimentación de materiais orixina fondos lamacentos, habita un pequeno caracol coñecido vulgarmente como "podre"; nome que fai referencia ó cheiro que desprenden estes fondos nas baixamares. A denominación científica é Hidrobia ulvae, e áinda que presenta unha gran variedade de modalidades alimenticias, demostra preferencia pola inxestión de Ulva rigida, de aí provén o seu nome específico "ulvae".

Pero amigos, non tódolos gasterópodos son caracois, ¿sabedes?





A Hidrobia ulvae é un pequeno caracol de a penas 5 mm que forma poboadós numerosísimos nos fondos lamacentos. Nas marismas serve de alimento a moitas aves limícolas.


A forma de certos gasterópodos mariños non semella a dos caracois. Algúns posúen unha cuncha moi pequena, rudimentaria e, nalgúns casos, case interna.

En certa medida podémolos considerar coma as lesmas mariñas, áínda que este termo poida resultar enganoso, despectivo e inadecuado para describir a uns dos animais mariños más fermosos e elegantes. Nos esteiros e fondos costeiros lamacentos, recubertos por pradeiras de seba, aparece frecuentemente unha especie chamada Haminaea navicula. A cuncha é traslúcida, e nos exemplares vivos pasa desapercibida. Ademais non é o suficientemente grande como para protexer ó animal no seu interior. A reducción da cuncha fai que esta perda, en parte, a función protectora, pero pola contra o animal gaña axilidade e mesmo certa capacidade de natación. A súa alimentación combina a dieta herbívora, a base de leituga de mar e seba, coa inxestión de prea e lama.





Xa vos dixen ó comezar o meu relato que polo mar tamén corren as lebres. Ben, áinda que correr, correr, o que se di correr..., a verdade é que moito non corren.




A *Aplysia punctata* é a más común das tres especies de lebre marína. Tamén é conocida como tinteira por desprender un líquido violeta ao sentirse ameazada.

Algunhas lesmas presentan uns tentáculos alongados na cabeza que semellan orellas; son as "lebres mariñas". Pertencen ó xénero *Aplysia*, e dentro dos invertebrados mariños son os herbívoros de maior

A seba ou zosterá é unha planta mariña con flor que vive sobre sustratos limosos. Existen en Galicia dúas especies de zosterá: a *Z. marina* de folia máis ancha e a *Z. nana* de folia estreitinha.

tamaño, pois hai exemplares que acadan os 2 kg de peso. As aplisiás arrincan tiriñas de leituga de mar de ata 2 cm que posteriormente suxeitan coas mandíbulas e cortan coa rádula en pequenos anacos. Pero quizais a característica máis chamativa destes moluscos sexa a súa capacidade para nadar.

Na costa galega aparecen frecuentemente, na primavera e no verán, tres especies do xénero *Aplysia*; trátase da *A. punctata*, *A. fasciata* e *A. depilans*. Visitan as pradeiras de seba e as colonias de *Laminaria*, *Ulva* e *Cystoseira*, onde se alimentan e depositan as súas postas en forma de cintas xelatinosas que conteñen milleiros de ovos no interior.



## DON GOLFIÑO

Cystoseira  
baccataCystoseira  
tamariscifolia

Non resulta doado diferenciar as tres especies de lebre de mar, áinda que a citada en primeiro lugar é a máis común e abundante, pero para termos total seguridade de distinguilas, debemos estudiar os caracteres xenitais, concretamente a forma e cor do pene, pois varía en cada especie.

Pene branco  
espatulado:  
*A. punctata*Pene branco  
ciliñdrico:  
*A. fasciata*Pene negro  
ciliñdrico:  
*A. depilans*

A seguinte semella unha lebre pero non o é.

Na parte inferior do litoral ou mesmo na zona infralitoral, cuberta polo mar permanentemente, vive unha alga verde de forma ramificada e de aspecto aveludado; é o Codium tomentosum. Nas matas de Codium transcorre a vida dunha lesma mariña verde como a alga, coa pel salpicada por numerosos puntos de cores moi variadas; trátase da Elysia viridis. Esta lebre de mar que carece totalmente de cuncha, áinda que posúe as caracterís-

ticas "orellas" do grupo, aliméntase principalmente do Codium.


E para rematar cos moluscos pouco máis vos podo dicir, agás que..

Existen algúns moluscos terrestres que desenvolven a súa vida á beira do mar. Respiran por medio de pulmóns pero a base da súa alimentación son as algas. Este é o caso dun pequeno caracol grisáceo de a penas 8 mm que pode pasar horas mergullado nas mareas vivas e que se alimenta dos restos de algas que quedan no límite da marea.

Trátase da Ovatella myosotis que ten a cuncha calcaria e dura coma os caracois mariños, pero a diferencia deles non posúe opérculo ou "tapadeira" que peche a entrada da cuncha cando o animal se protexe no interior. A cuncha desta especie adoita atoparse nos cuncheiros das



Ovatella myosotis



Elysia viridis

Codium tomentosum




praías polo que en ocasións se lle atribúe unha orixe mariña.

Ademais deste pequeno caracol terrestre, tamén existe unha lesma que mestura características morfolóxicas externas intermedias entre as das lesmas terrestres e mariñas; recibe o nome científico

de Onchidella celtica. O seu corpo escuro e ovalado, de a penas 2 cm, está recuberto por moitos saíntes ou tubérculos. Durante a baixamar, a lesma, desprázase ata as algas que quedan ó descuberto para se alimentar. Cando o mar volve a subir, busca nas fendas húmidas das rochas das zona supralitorais un lugar onde ocultarse; ainda que ás veces pode permanecer somerxida durante un tempo (neste caso pecha o orificio polo que penetra o aire nos pulmóns e respira a través da pel).

Agora, áinda que non cambiarei de tema, falareiños duns animais moi distintos dos moluscos. Ben, moi distintos agás nas súas preferencias por comeren as algas; refírome concretamente ós ourizos mariños.


*Onchidella celtica*



# DON GOLFIÑO

Os ourizos de mar son voraces consumidores de algas, áinda que en certas ocasións poden ingerir outros materiais. A súa estratexia alimenticia baséase en arrincar

Lanterna de Aristóteles




anacos de algas gracias a un complexo aparato masticador-raspador chamado lanterna de Aristóteles. Este aparato está formado por moitas pezas calcarias unidas por músculos e ligamentos. Parte das pezas poden ser proxectadas cara ó exterior do ourizo, directamente sobre a alga, para arrincarle un cacho.

Nas costas rochosas expostas, nos


niveismareais baixos e nas charcas mareais, aparece a cotío o ourizo común ou Paracentrotus lividus. Os exemplares deste ourizo excaván, coa lanterna de Aristóteles, ocos nas rochas onde o animal se asenta e encaixa perfectamente, quedando protexido fronte á forza das ondas e as correntes. Ademais teñen por costume cubrir o caparazón e as longas pugas con trocios de cunchas, pedras ou algas. Outra especie costeira de ourizo moi habitual, tanto nas rías como no litoral oceánico, é Psammechinus miliaris. Este pequeno ourizo (pode acadar os 4 cm) resulta doadamente distinguible porque as súas pugas son curtas e de cor verdosa co extremo violeta, mentres que as do Paracentrotus son longas e xamais teñen o extremo violeta.


A parte destas especies de ourizos existen outras dúas tamén comúns no litoral. Son moito más grandes, pois adoitan sobrepassar os 12 cm de diámetro. Unha delas, Echinus esculentus, aliméntase de follas de Laminaria. É o ourizo meirande de

## *Paracentrotus lividus*




## *Psammechinus miliaris*



*Echinus esculentus*

18 cm

Pugas de 1,5 cm,  
vermellas coas  
puntas violetas

*Sphaerechinus granularis*



13 cm

Pugas de 2 cm, grossas  
e de cor violeta

todos eles, chegando algúns exemplares ós 18 cm. A outra especie, *Sphaerechinus granularis*, non supera os 13 cm e o seu hábitat é moi variado, podéndose atopar tanto nas pradeiras de seba coma nos


rochedos, entre as algas calcarias coma a *Corallina* e o *Lithophyllum*.

Jveña, deixá de ler! Imos dar unha volta polo peirao do porto ou por un rochedo costeiro, jveña, date presal! E non importa que o mar estea alto, vouché ensinar un bichiño que corre polas rochas coma un raio.

*Lithophyllum incrustans**Corallina elongata*

A zona supralitoral rochosa é o medio no que se desenvolve a vida dun pequeno crustáceo de corpo aplanado chamado "cochinilla mariña" ou *Ligia oceanica*. A forma deste veloz crustáceo recordanos ás "cochinillas da humidade", esos bichiños que cando os queremos coller se enroscan formando bolinhas. En certa medida ámbalas dúas "cochinillas" son parentes e pertençen a un grupo de crustáceos coñecidos coma isópodos, animais caracterizados pola forma aplanada do corpo.


A L. oceanica é o isópodo mariño de maior tamaño e os exemplares más vellos, algúns de tres anos de idade, acadan lonxitudes de ata 3cm.




*Ligia oceanica*

Resulta habitual ver as cochinillas mariñas correr polas rochas durante o día pero son máis activas pola noite. Elixen o período nocturno para se alimentaren das algas que o mar foi arrastrando ata as zonas próximas ós seus refuxios. Aínda que o seu alimento son as algas deberíamos considerar que a cochinilla non controla o crecemento das poboacións destas, a diferenza do que facían os moluscos herbívoros, senón que máis ben realizarían unha laboura de limpeza ou eliminación dos restos orgánicos traídos polo mar.

Cando baixa o mar se forman, entre as rochas, charcas que conteñen unha gran variedade de vida mariña.



*Idotea baltica*




Nalgúns destas pozas acumúlanse moitas das algas arrincadas polas fortes ondas e que van servir de alimento a outra especie de isópodo habitual no litoral galego; trátase da Idotea baltica. Este crustáceo, de dimensións semellantes á "cochinilla", é un pouco máis estreito de corpo e moi mellor nadador. Hai outras especies do xénero Idotea e que, aínda sendo diferentes entre elas, comparten algunas características comúns que fan posible unha doada identificación do grupo.

¡Pero non te acomodes! Colle unha toalla que imos á praia. Agora estíraa na area e recostate nela. ¡Que penal, quedanxe os péz fora da toalla; le que son eses bichiños que saltan na area?

Hai poucos animais mariños que elixan a zona supralitoral das praias de area fina coma o lugar no que pasar a súa vida. A praia, a primeira

Talitrus saltator



A "pulga de area", que mide 2,5 cm, cando se siente ameazada contrae o seu corpo para despregalo subitamente coma un resorte; isto lle permite choutar distancias de ata 75 cm.


vista, semella un medio inhóspito, unha especie de deserto en miniatura, e sen dúbida o rei deste paraxe vai ser a "pulga de area" ou Talitrus saltator. A "pulga de area" é tamén un crustáceo pero non isópodo como a "cochinilla mariña", senón un anfípodo por ter o corpo comprimido lateralmente e non achataado. Os seus hábitos nocturnos fan que comece a ser máis activa pola tarde. Neste momento empeza a saír das súas galerías na area e a saltar pola praia na procura das algas e restos de arribazón que trouxo a marea. No verán

resúltanos moi familiar a imaxe de milleiros de pulgas saltando na area á beira do mar. Existen outras especies de anfípodos semellantes a esta pero xa nas charcas de marea ou mesmo na zona infralitoral, polo que son mellores nadadores e peores marchadouros có Talitrus saltator.

Pero a miñ o que me gustan son os peixes e levo todo o tempo falando de caramuxos, lapas, lebres de mar...; de xeito que para rematar o meu relato vontos contar unha de peixes, áinda que só sexa de un.


Tanto nas augas limpas que bañan as bateas como nas zonas más contaminadas dos portos atópase, a cotío, un peixe de costumes alimenticios moi variados. Trátase do muxo (Chelon labrosus), que adoita amosar as súas preferencias polas pequenas algas verdes que medran sobre as superficies rochosas. Coa axuda dos labios cárneos arrincan o

Muxo (*Chelon labrosus*)



**DON GOLFIÑO**

verdello das pedras que despois trituran cunha especie de dentes que teñen na farinxe. O caso dos muxos sería o único salientable de peixes que utilizan as algas coma unha parte importante da súa variada alimentación.



Ben, e isto é todo por hoxe; Don Golfiño xa se despíde. Teño fame e vou ir ata as bateas a ceiar uns mexíños que os dalí saben moito mellor. Supónno que os teño ben merecidos. Pero non vos preocupedes, se vos gustan as miñas historias sobre a vida e a natureza, teredes máis. Pronto estarei de novo convosco, pois teño áinda moitos relatos por contar. ¡Ata a próxima amigos!, e recordade, debemos respectar e protexer a natureza.



*Perdoádelle ós humanos que fixeron este traballíño os erros que puideron cometer na súa elaboración e dos cales non se decataron.*

Fdo.: **DON GOLFIÑO**

